

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A UNIDADE DE ENFERMIDADE INFLAMATORIA INTESTINAL DO SERVIZO DE APARATO DIXESTIVO COMPOSTELÁ, RECIBE A RECERTIFICACIÓN DE EXCELENCIA

- Este recoñecemento sitúa ao Clínico como hospital de referencia e recoñece a calidade asistencial e investigadora da unidade multidisciplinar da que tamén forman parte profesionais de Cirurxía, Pediatría, Reumatoloxía, Radioloxía e Farmacia Hospitalaria

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro 2024.- A Unidade de Enfermidade Inflamatoria Intestinal do Servizo de Aparato Dixestivo do Hospital Clínico de Santiago de Compostela, que leva en funcionamento dende 2006, ven de recibir a Recertificación con **Excelencia como Unidade de Atención Integral a Pacientes con Enfermidade Inflamatoria Intestinal**. Unha acreditación que sitúa ao centro sanitario como hospital de referencia e recoñece a calidade asistencial e investigadora desenvolvida pola unidade, que inclúe profesionais do servizo de Aparato Dixestivo, pero tamén facultativos de Cirurxía, Pediatría, Reumatoloxía, Radioloxía e Farmacia Hospitalaria

Este recoñecemento xorde do Programa de Certificación das Unidades de Atención Integral a pacientes con Enfermidade Inflamatoria Intestinal, auditado por Bureau Veritas e desenvolvido e impulsado polo **Grupo Español de Trabajo en Enfermedad de Crohn y Colitis Ulcerosa (GETECCU)**. Este programa está considerado o maior recoñecemento para estas unidades ao seu labor na atención da EII en España, situándoas como referentes a nivel nacional e internacional.

Durante a auditoría verificouse o grado de cumprimento dos indicadores de estrutura, procesos e resultados da Unidade de Atención Integral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, con respecto á norma de referencia: "Normalización dos indicadores de calidade para Unidades de Atención Integral a pacientes con Enfermidade Inflamatoria Intestinal". Como resultado desta, a partir das evidencias obtidas afirmábase que a Unidade auditada cumpre co 96% dos requisitos da norma, estando dentro do rango de CERTIFICACIÓN EXCELENTE, a maior puntuación outorgada.

Na actualidade, nesta Unidade dirixida polo doutor Manuel Barreiro, préstase atención a 2.900 pacientes con Enfermidade de Crohn e Colite Ulcerosa. A Certificación das Unidades de Atención Integral a pacientes con EII, recoñece o labor desenvolvido polos profesionais do Hospital Clínico de Santiago de Compostela, favorecendo a continuidade dunha asistencia de calidade e a aposta pola investigación e innovación na área. Segundo indica o doutor Barreiro "non só avalía a asistencia senón a docencia e investigación, sendo as principais liñas os novos fármacos e busca de novas dianas, aspectos epidemiolóxicos e alteracións na microbiota con máis de 230 publicacións do grupo, moitas delas froito de colaboracións internacionais, destacando a súa colaboración nos últimos consensos europeos. Isto fai que o noso centro sexa moi atractivo para a realización de estudos e desenvolvemento de ensaios clínicos".

Para a xerente da Área Sanitaria de Santiago, Eloína Núñez, "esta distinción é o resultado do traballo e dedicación de noso equipo de profesionais involucrados, que demostran cada día o compromiso excepcional coa atención dos nosos pacientes".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

“A reacreditación como excelente é un recoñecemento á calidade dos servizos que ofrecemos no tratamento de enfermidades inflamatorias intestinais. O enfoque multidisciplinario, que combina a experiencia médica, a investigación e a atención personalizada, nos permite brindar una atención integral e de excelencia”, indica Enrique Domínguez, xefe do servizo de Dixestivo compostelá.

Pola súa banda o doutor Barreiro conclúe que “seguiremos traballando en estreita colaboración cos nosos pacientes e as súas familias para brindarlles o apoio e a mellor atención. Estamos orgullosos deste recoñecemento no tratamento de enfermidades inflamatorias intestinais e continuaremos nesta liña para manernos na vangarda na atención médica”.



Na imaxe, pola esquerda: Regina Martín de Vidales, subdirectora de enfermaría; María José Menor, subdirectora de Calidade, Manuel Barreiro, responsable da Unidade de EII, Eloína Núñez, xerente da Área Sanitaria; Enrique Domínguez, xefe de servizo de Aparato Dixestivo; Iria Bastón e Rocío Ferreiro, facultativas do servizo de Aparato Dixestivo, e Elisabet Sabel Garcia e Loli Sequeiros Portela, enfermeiras da Unidade de EII

Saúdos